

Ano 2019

MEMORIA CONSELLO SOCIAL

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Memoria de actividades 2019

CONSELLO SOCIAL

Universidade de Santiago de Compostela



CONSELLO SOCIAL

Edición: Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

Casa da Concha. Rúa da Conga nº 1
15782. Santiago de Compostela
Telf.: 881 813 442

csocial@usc.es
www.usc.es/csocal

Deseño e impresión: Campus na nube

ÍNDICE

ÍNDICE

Circo. X. Quesada



Quesada

PRESENTACIÓN.....	7
COMPOSICIÓN DO CONSELLO SOCIAL.....	11
En representación do Consello de Goberno da Universidade.....	13
En representación dos Intereses Sociais de Galicia.....	13
Ceses e nomeamentos ao longo do ano.....	15
COMISIÓNS DELEGADAS.....	17
Comisión Executiva.....	19
Comisión Económica.....	19
Comisión Académica.....	19
Comisión de Relacións coa Sociedade.....	21
REPRESENTACIÓN DO CONSELLO SOCIAL NOUTROS ÓRGANOS.....	23
XUNTANZAS E ACORDOS DO PLENO.....	29
REUNIÓNS E COMPARENCIAS.....	35
Consello Galego de Universidades.....	37
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.....	38
Conferencia de Consejos Sociales de las Universidades Españolas.....	39
Asistencia a outros actos.....	39
OUTRAS ACTIVIDADES.....	41
PROGRAMA DE PRÁCTICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES.....	43
Bolsas de colaboración ano 2019.....	49
EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO CONSELLO SOCIAL.....	53
MARCO NORMATIVO.....	57

P R E S E N

T A C I Ó N

PRESENTACIÓN



Cumprindo coa obriga legal indicada na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, compráceme presentar a Memoria de Actividades do ano 2019 do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

No mes de setembro de este ano, fun nomeada presidenta do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela. Supón un honor ter aceptado este cargo e igualmente estou agradecida pola confianza depositada en min para levar a cabo tal cometido. Desexo de corazón estar á altura das circunstancias, e realizar un bo traballo, situando ao Consello Social no mais alto escalafón do prestixio que merece, e polo tanto, á nosa benquerida Universidade de Santiago. Creo firmemente que, con ilusión, esforzo e indo todas e todos da man, o camiño será máis doado de percorrer.

O reto é importante, pero, así mesmo, a ilusión non me falta. Non podemos ocultar o feito de que existe unha desafección importante entre a sociedade, os sectores económicos, os estudantes e a propia Universidade. A sensación de pertenza dos exalumnos remata cando deixan de estudar, e os actores sociais ven á Universidade coma un colectivo alleo ós problemas que rodean á meirande parte da poboación.

Considero que a obriga principal do Consello é intentar rachar esta barreira, e actuar en varias vertentes que se poden resumir en tres obxectivos:

1.- Dar a coñecer á sociedade, e, especialmente ós sectores económicos, os logros que se están acadando por parte do persoal investigador da Universidade. Somos pioneiros en múltiples disciplinas e competimos a nivel internacional coas mellores universidades, pero esta circunstancia é descoñecida no noso contorno. A través de ciclos de conferencias e programas de comunicación levados a cabo cunha intensidade constante, creo firmemente que podemos achegar todo ese coñecemento á sociedade en xeral.

2.- Intentar situar nos horizontes persoal e profesional dos alumnos, o feito de que a integración dentro do mercado laboral suporá unha brecha nas súas vidas; terán que afrontar o feito de que, ofrecer proxectos profesionais viables e coherentes, e integrarse dentro de equipos de traballo que cada vez son máis flexibles e multidisciplinares, condicionarán o seu futuro dentro das organizacións sociais e económicas. Neste sentido, é importante potenciar, máis aínda se cabe, os programas de prácticas e intercambios, pero comunicando previamente aos propios alumnos que o que se demanda principalmente é a adaptación ós valores e ás culturas das

entidades onde vaian a realizar as súas prácticas académicas, máis aló da súa propia formación.

3.- Por último, o feito de que se produza unha ruptura drástica dos alumnos coa Universidade, unha vez rematados os seus estudos, potencia en gran medida a desconexión coa sociedade. Fai falta igualmente un programa intensivo de captación de profesionais que logren transmitir as súas experiencias vitais, engarzadas co feito de ter estudado na nosa Universidade. En este sentido, subscribo totalmente as verbas do Reitor, é importante transmitir a mensaxe de que, os que tivemos a honra de estudar en Santiago de Compostela, estamos en débeda coa Universidade, e é a nosa obriga moral retornar á sociedade, cada un coma humildemente poidamos, o que tanto a USC nos aportou.

Con esta finalidade, espero contar co apoio e implicación de tódolos membros deste Consello Social, así coma do persoal de administración e servizos. A todos, moitas grazas porque sen o voso labor, o funcionamento deste órgano de goberno da USC non sería posible.

Cecilia Sierra Rey
Presidenta do Consello Social

COMPOSICIÓN DO

CONSELLO SOCIAL

COMPOSICIÓN DO CONSELLO SOCIAL



Acto de inicio do curso

PRESIDENTA:

D^a. Cecilia Sierra Rey

CONSELLEIROS/AS NATOS:

D. Antonio López Díaz
Reitor da Universidade

D^a. Dulce M^a García Mella
Secretaria Xeral da Universidade

D. Antonio Javier Ferreira Fernández
Xerente da Universidade

I. EN REPRESENTACIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE

D. Montserratl Valcárcel Armesto
En representación do Persoal Docente e Investigador

D^a. M^a Esther Hervés Sayar
En representación do Persoal de Administración e Servizos

D^a. Inmaculada Alonso Rodríguez
En representación do Estudantado

II. EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA

CONSELLEIROS/AS DESIGNADOS/AS POLO PARLAMENTO DE GALICIA

D^a. Mercedes Paula Alvarellos Fondo
D^a. Rosa Blanca Rodríguez Gutiérrez
D. Jesús Couceiro Rivas
D. Ramón Medina González-Redondo
D. Manuel Lolo Aira
D. Manuel Francisco Martín García

CONSELLEIROS/AS DESIGNADOS/AS POLA XUNTA DE GALICIA

D^a. Blanca de Cora García-Montenegro
D. Manuel Cornes Sieira
D. Torcuato Labella Lozano
D. Juan Manuel López Labrada
D. Carlos Martí Mallén
D. Manuel Luis Silva Constenla

CONSELLEIROS/AS DESIGNADOS/AS POLOS SINDICATOS

D. Emilio Crespo Correa
D^a. Marta Ferreiro Fernández
D. Iago Calderón Soilán

CONSELLEIROS/AS DESIGNADOS/AS POLAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS

D^a. Carmen Fernández Vilas
D. Jaime Luis López Vázquez
D. Jesús Antonio Méndez Álvarez-Cedrón
D^a. Nuria Pereira Martínez

CONSELLEIROS/AS DESIGNADOS/AS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS DOS CONCELLOS DOS CAMPUS

D. Manuel Dios Diz
D. Luis García Santalla

CONSELLEIRA DESIGNADA POLOS COLEXIOS PROFESIONAIS

D^a. M^a Rosa Álvarez Prada

CONSELLEIRO DESIGNADO POLA ASOCIACIÓN DE ANTIGOS ALUMNOS DA USC

D. Ángel López Conde

Secretaría do Consello Social

D^a Marta Villamayor Álvarez

CESES E NOMEAMENTOS AO LONGO DO ANO

No Decreto 104/2019, do 5 de setembro de 2019 publicado no DOG do 10 de setembro de 2019, nomeouse como presidenta do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela a dona Cecilia Sierra Rey.
En representación do Consello de Goberno da Universidade

Na Orde do 31 de xaneiro de 2019, publicada no DOG do 14 de febreiro de 2019, nomeouse a:

- Montserrat Valcárcel Armesto en representación do Persoal Docente e Investigador en substitución de Javier Bueno Lema.
- María Esther Hervés Sayar, en representación do Persoal de Administración e Servizos, en substitución de Antonio de Padua Pérez Casas.
- Inmaculada Alonso Rodríguez, en representación do alumnado, en substitución de Fernando de la Torre Cuevas.

En representación dos intereses sociais de Galicia

Na Orde do 13 de novembro de 2019, publicada no DOG do 26 de novembro de 2019, nomeouse a:

- *Designados/as polo Parlamento de Galicia:* Rosa Blanca Rodríguez Gutiérrez en substitución de Juan Luis Castro Rodríguez e Ramón Medina González-Redondo en substitución de Xerardo D. Estévez Fernández.

Na Orde do 28 de novembro de 2019, publicada no DOG do 10 de decembro de 2019, nomeouse a:

- *Designados/as polos sindicatos:* Iago Calderón Soilán como representante de UGT Galicia en substitución de Pastor Fuenteseca Díaz.

Con data 20 de novembro de 2019 foi nomeada Secretaria do Consello Social:

- Marta Villamayor Álvarez

C O M
D E L E

I S I Ó N
G A D A S

COMISIONS DELEGADAS



Afilador. Piñeiro

COMISIÓNS DELEGADAS

De conformidade co disposto na Lei 6/2013 do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, e no Regulamento de organización e funcionamento deste Consello Social creáronse as seguintes comisións de traballo: Comisión Executiva, Comisión Económica, Comisión Académica e Comisión de Relacións coa Sociedade. Os acordos das comisións requirirán a aprobación do Pleno.

Os integrantes das comisións designanse de entre os membros do Consello Social.

COMISIÓN EXECUTIVA

- D^a. Cecilia Sierra Rey (Presidenta do Consello)
- D. Antonio López Díaz (Reitor da USC)
- D. Antonio Javier Ferreira Fernández (Xerente da USC)
- D. Jesús Méndez Álvarez-Cedrón (Vicepresidente da Comisión Económica)
- D. Juan Luis Castro Rodríguez (Vicepresidente da Comisión de Relacións coa Sociedade) (cesou o 26 de novembro de 2019)
- D. Luis García Santalla (Vicepresidente da Comisión Académica)
- D. Carlos Martí Mallén
- D^a. Nuria Pereira Martínez
- D^a. Mercedes Paula Alvarellos Fondo
- D. Torcuato Labella Lozano

COMISIÓN ECONÓMICA

- D. Jesús Méndez Álvarez-Cedrón (Vicepresidente da Comisión)
- D. Antonio Javier Ferreira Fernández
- D. Ángel López Conde
- D. Carlos Martí Mallén
- D. Emilio Crespo Correa
- D. Antonio Pérez Casas (cesou o 14 de febreiro de 2019)
- D. Manuel Lolo Aira
- D. Jaime Luis López Vázquez

COMISIÓN ACADÉMICA

- D. Luis García Santalla (Vicepresidente da Comisión)



Acto de inicio do curso

D^a. Dulce M^a García Mella
D. Javier Bueno Lema (cesou o 14 de febreiro de 2019)
D. Fernando de la Torre Cuevas (cesou o 14 de febreiro de 2019)
D. Pastor Fuenteseca Díaz (cesou o 10 de decembro de 2019)
D. Manuel Dios Diz
D^a. M^a Rosa Álvarez Prada
D^a. Carmen Fernandez Vilas

COMISIÓN DE RELACIONES COA SOCIEDADE

D. Juan Luis Castro Rodríguez (Vicepresidente da Comisión) (cesou o 26 de novembro de 2019)
D^a. Mercedes Paula Alvarellos Fondo
D. Juan Manuel López Labrada
D. Manuel Martín García
D. Xerardo Estévez Fernández (cesou o 26 de novembro de 2019)
D. Manuel Silva Constenla
D^a. Blanca de Cora García-Montenegro
D. Manuel Cornes Sieira

REPRESENTACIÓ
SOCIAL NOUT

N DO CONSELLO

REPRESENTACIÓN DO CONSELLO SOCIAL NOUTROS ÓRGANOS

ROS ÓRGANOS



Acto de inicio do curso

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES

En virtude do artigo 58-g) da Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, os presidentes ou presidentas dos Consellos Sociais das universidades integrantes do SUG forman parte da composición do Consello galego de universidades.

D^a Cecilia Sierra Rey

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)

En virtude do artigo 16-e) da Resolución do 10 de decembro de 2008, da dirección xeral de Ordenación e Calidade do SUG, pola que se publica o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo, polo que se modifica o convenio de 30 de xaneiro de 2001 para a creación do Consorcio Axencia para a Calidade do SUG, os presidentes ou presidentas dos Consellos Sociais das universidades integrantes do SUG forman parte da composición do Consello de Dirección da ACSUG.

D^a Cecilia Sierra Rey

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN DE AVALIACIÓN DOS PLANS DE VIABILIDADE DAS TITULACIÓNS UNIVERSITARIAS DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)

Por acordo do pleno do 6 de abril de 2017, forma parte da Comisión:

D. Ángel López Conde

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE GOBERNO DA USC

Por acordo do pleno do 6 de abril de 2017, forma parte do Consello de Goberno da USC representando ao Consello Social:

D^a. Nuria Pereira Martínez

D. Manuel Silva Constenla

D. Emilio Crespo Correa

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA FUNDACIÓN DIETA ATLÁNTICA

Por acordo pleno do 6 de abril de 2017, forma parte do padroado da Fundación:
D. Manuel Cornes Sieira

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA FUNDACION USC-DEPORTIVA

Por acordo do pleno do 6 de abril de 2017, forma parte do padroado da Fundación:
D. Torcuato Labella Lozano

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA SOCIEDADE XESTORA DE INTERESES (UNIXEST)

Por acordo do pleno de 19 de febreiro de 2013, forma parte do Consello de Administración de UNIXEST:
D. Carlos Martí Mallén

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO OBSERVATORIO DO CÓDIGO ÉTICO DA USC

Por acordo do pleno do 6 de abril de 2017, forma parte do Observatorio:
D. Torcuato Labella Lozano

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN REITORA DO CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN EN QUÍMICA BIOLÓXICA E MATERIAIS MOLECULARES (CIQUS)

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, forma parte da Comisión a Presidenta do Consello Social:
Dª Cecilia Sierra Rey

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN REITORA DO CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN EN MEDICINA MOLECULAR E ENFERMIDADES CRÓNICAS (CIMUS)

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forma parte da Comisión a Presidenta do Consello Social:
Dª Cecilia Sierra Rey

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN REITORA DO CENTRO SINGULAR DE INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS INTELIXENTES DA USC (CITIUS)

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forma parte da comisión a Presidenta do Consello Social:

D^a Cecilia Sierra Rey

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN REITORA DO CAMPUS VIDA

Por acordo do pleno de 30 de outubro de 2012, actualmente forma parte da Comisión a Presidenta do Consello Social:

D^a Cecilia Sierra Rey

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN REITORA DO CAMPUS TERRA

De acordo cos estatutos da Comisión forma parte da Comisión a Presidenta do Consello Social:

D^a Cecilia Sierra Rey

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO INSTITUTO DA LÍNGUA GALEGA

Por acordo do pleno de 28 de novembro de 2018, actualmente forma parte da Xunta de Goberno do Instituto da Lingua Galega a Presidenta do Consello Social:

D^a Cecilia Sierra Rey

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO INSTITUTO DE MATEMÁTICAS DA USC

Por acordo do pleno de 28 de novembro de 2018, actualmente forma parte da Xunta de Goberno do Instituto de Matemáticas da USC a Presidenta do Consello Social:

D^a Cecilia Sierra Rey

XUNTANZAS E AC

ACORDO DO PLENO

XUNTANZAS E ACORDOS DO PLENO

Acordos do pleno de 8 de abril de 2019:

- Aprobación da Memoria Anual do Consello Social do ano 2018
- Aprobación da avaliación investigadora (sexenios) do Persoal Docente e Investigador 2016 e 2017
- Aprobación da corrección de erros da asignación de complementos retributivos autonómicos correspondente ao exercicio de cargos de xestión (convocatoria 2017)
- Información de memorias de cursos de posgrao propios
- Informe sobre o recoñecemento do Instituto Galego de Física de Altas Enerxías como centro asociado á Rede de Centros Singulares da USC
- Informe sobre a modificación-transformación do Instituto de Investigación e Análises Alimentarias (IIAA) no Instituto de Investigación en Análises Químicas e Biolóxicas (IAQBUS) e do Instituto de Investigacións Tecnolóxicas (IIT) no Instituto Universitario de Investigación Interdisciplinar de Tecnoloxías Ambientais (CRETUS)
- Aprobación dos prezos da Escola Infantil Breogán e das axudas para a escolarización dos nenos e nenas menores de tres anos no Campus de Lugo para o curso 2019-2020
- Aprobación da proposta de tarifas para a Aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías alimentarias (APLTA), para a Escola Infantil Breogán e corrección de erros das tarifas da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela
- Aprobación dos prezos de aloxamento do Servizo Universitario de Residencias da USC para o curso 2019-2020:
 - a) Convocatoria ordinaria
 - b) Convocatoria para estudantes internacionais
 - c) Convocatoria para os membros da comunidade universitaria ou alumnado da universidade de verán 2019 (do 1 de xuño ao 31 de agosto de 2019)
- Informe sobre a modificación da Relación de Postos de Traballo do Persoal de Administración e Servizos
- Aprobación de transferencias de coñecementos de investigación
- Aprobación de modificacións orzamentarias
- Información sobre a incorporación de remanentes do orzamento do ano 2018
- Aprobación de doazóns a favor da USC
- Información sobre convenios da Universidade

Acordos do pleno de 6 de maio de 2019:

- Informe sobre a tramitación como reverificación dos títulos de Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio e Máster en Técnicas Estatísticas.
- Informe sobre a modificación da estrutura organizativa dos estudos de doutoramento.
- Informe sobre a modificación da Relación de Postos de Traballo do Persoal Docente e Investigador
- Aprobación dos prezos de estudos propios
- Aprobación de doazóns e cesión temporal de bens a favor da USC
- Información sobre convenios da Universidade

Acordos do pleno de 26 de xuño de 2019:

- Informe e ratificación dos acordos adoptados na sesión extraordinaria da Comisión Executiva do 14 de xuño: reparto bolsas de colaboración do Ministerio de Educación e Formación Profesional para o curso 2019-2020.
- Información sobre o proxecto de decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2019-2020.
- Aprobación da Programación Plurianual da USC 2019-2022.
- Aprobación das Contas Anuais da USC do exercicio 2018.
- Aprobación das Contas Anuais da Sociedade Mercantil UNIXEST do exercicio 2018
- Aprobación dunha modificación (de carácter substancial) da Fundación Rof Codina.
- Informe sobre a modificación da Relación de Postos de Traballo do Persoal Docente e Investigador, asignación de prazas de profesorado titular de universidade a áreas de coñecemento (planificación 2019).
- Aprobación de complementos de avaliación de méritos docentes (quinquenios) do ano 2018
- Aprobación da participación da USC na Conferencia de Rectores de las Universidades del Suroeste Europeo (CRUSOE)
- Informe sobre a modificación do Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS) e do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS)
- Aprobación dos prezos de estudos propios
- Aprobación de transferencias de coñecementos de investigación
- Aprobación de modificacións orzamentarias.
- Información sobre convenios da Universidade

Acordos do pleno de 29 de xullo de 2019:

- Aprobación do complemento de actividade investigadora 2018 (profesorado contratado).
- Aprobación dos complementos retributivos convocatoria 2017 (modificación por recurso).
- Informe sobre a modificación da Relación de Postos de Traballo do Persoal de Administración e Servizos.
- Informe da implantación de novas titulacións oficiais para o curso 2020-2021: Graos e Mestrados.
- Informe das modificacións de titulacións oficiais para o curso 2020-2021: Graos, Mestrado e Programas de Doutoramento.
- Informe sobre a extinción de titulacións oficiais de Grao e Mestrado.
- Informe sobre a proposta de convenio de dobre título entre a USC e a *Universidad de Concepción (Chile)*.
- Informe sobre o Plan Económico-Financeiro 2019-2020. Retirado da orde do día.
- Información sobre resultados de contabilidade analítica do ano 2018.
- Aprobación das Contas do exercicio do ano 2018 de diversas Entidades Participadas da USC: CISUG, Uninova, e Cursos Internacionais da USC.
- Aprobación dos prezos de estudos propios.
- Aprobación sobre a proposta de venda das participacións sociais da USC/UNIXEST na EBT Situm Technologies, SL
- Aprobación de transferencias de coñecementos de investigación.
- Aprobación de modificacións orzamentarias.
- Información sobre convenios da Universidade.
- Información sobre a situación das infraestruturas da USC.

Acordos do pleno de 23 de outubro de 2019:

- Informe sobre a modificación da Relación de Postos de Traballo do Persoal Docente e Investigador.
- Informe sobre o título de Máster Universitario en Planificación e Xestión Territorial para a súa implantación no curso 2020-21.
- Aprobación da corrección de erros dos complementos retributivos convocatoria 2017 por estimación de recurso de reposición.
- Aprobación dunha addenda a un contrato de comodato a favor da USC
- Información sobre convenios da Universidade

Acordos do pleno de 27 de decembro de 2019:

- Aprobación dos orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2020 e dos prezos de actividades autorizadas pola USC.
- Aprobar a incorporación do Plan de Infraestruturas á Programación Plurianual da USC.

- Aprobar a modificación dos Estatutos da Fundación USC-Deportiva e da declaración como medio propio personificado e servizo técnico da use.
- Aprobación de Transferencia de coñecemento.
- Informe sobre a modificación de titulacións de Grao.
- Informe sobre a modificación do Máster en Procesos de Formación.
- Informe sobre a modificación do Máster Psicoxerontoloxía.
- Informe sobre memorias definitivas de titulacións de grao.
- Aprobación da participación da USC na Asociación DIH DATALIFE-HUB DE INNOVACIÓN DIXITAL DATALIFE.
- Aprobación da proposta de complementos por cargos de xestión da convocatoria 2018.
- Aprobación da proposta de complementos de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador correspondentes á convocatoria de 2018.
- Aprobación da proposta de aceptación dunha renuncia parcial de tramos recoñecidos no complemento por mérito docente.
- Informe da proposta de convenio de dobre titulación USC - *Pontificia Universidad Católica de Valparaíso (PUCV)*.
- Informe da modificación da Relación de Postos de Traballo de PAS.
- Informe da modificación da Relación de Postos de Traballo de POI.
- Resolución de recurso de reposición sobre complementos da actividade investigadora (convocatoria 2018).
- Aprobar, por proposta do Consello de Goberno, a aceptación pola Universidade dunha doazón.
- Aprobación de modificacións orzamentarias.
- Información sobre convenios da Universidade.

REUNIÓNS E CO

OMPARECENCIAS

REUNIÓN E COMPARECENCIAS



Programa Desafios Empresariais con Perspectiva de Xénero

CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES

Reunión do 10 de xuño de 2019

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 10 de decembro de 2018.
- Asuntos para coñecemento:
 - 2.1. Normativa publicada.
 - 2.2. Convocatorias de prazas profesorado universitario contratado.
- Informe sobre o proxecto de Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2019/2020.
- Informe sobre autorización de implantación nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo das ensinanzas universitarias oficiais de grao, máster universitario e doutoramento, para o curso 2019/2020.
- Informe sobre a proposta de creación da Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS), e a supresión das actuais escolas de doutoramento autorizadas por Decreto 91/2017.
- Información sobre o proceso de acreditación de Campus de Especialización.
- Información sobre a oferta de prazas de graos e máster para o curso 2019/2020.
- Informe sobre designación de representante das universidades públicas de Galicia nos seguintes órganos colexiados:
 - ♦ Consello Galego de Cooperativas.
 - ♦ Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo (CETAL).
- Universidade privada promovida por Afundación.
- Rogos e preguntas.

Reunión do 9 de decembro de 2019

- Aprobación, se procede, da acta do pleno ordinario do 10 de xuño de 2019.
- Asuntos para coñecemento
 - ♦ Normativa publicada.
 - ♦ Convocatorias de prazas profesorado universitario contratado .
- Informe sobre a solicitude de recoñecemento da universidade privada "Universidad Intercontinental de la Empresa", pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe sobre a proposta de revogación de titulacións oficiais de grao, máster universitario e programas de doutoramento nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo no curso 2019-2020.
- Informe sobre a desadscripción da Universidade da Coruña da Escola Universitaria de Turismo "Centro Español de Nuevas Profesiones".

- Informe sobre a creación do Instituto Universitario de Investigación Interdisciplinar de Tecnoloxías Ambientais (ICRETUSC) na USC.
- Información sobre as propostas de titulacións presentadas na SXU para envío a verificación .
- Rogos e preguntas.

CONSELLO REITOR DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA.

Reunión do 17 de xullo de 2019

- Aprobación, se procede da acta do Consello de Reitor de ACSUG de 17.12.2018
- Informe da presidenta
- Convenios de ACSUG con outras institucións
- Informe de avaliación ENQA 2019
- Situación do cadro de persoal de ACSUG
- Asuntos económicos
 - ◆ Estado de liquidación do orzamento e memoria das Contas Anuais 2018
 - ◆ Inventario do inmovilizado de ACSUG a 31.12.2018
 - ◆ Anteprojecto dos orzamentos 2020 (PAIF)
- Honorarios dos membros dos Comités de Asesores Externos
- Sistema de Xestión de ACSUG
 - ◆ Informe anual do 2018 de revisión do Sistema de Xestión de ACSUG
 - ◆ Resumo do Sistema de Xestión de ACSUG do primeiro semestre de 2019
 - ◆ Obxectivos de Calidade e Medio Ambiente 2019
 - ◆ Declaración Ambiental ACSUG 2018
- Rogos e preguntas

Reunión do 17 de decembro de 2019

- Aprobación, se procede da acta do Consello de Reitor de ACSUG de 17.07.2019
- Informe da presidenta
- Convenios de ACSUG con outras institucións
- Planificación actividades ACSUG 2020
- Situación do cadro de persoal de ACSUG
- Proxecto de orzamentos do exercicio 2020 (PAIF)
- Honorarios dos membros dos Comités de Asesores Externos

- Resumo Sistema Xestión Interno ACSUG 2º semestre 2019
- Rogos e preguntas

CONFERENCIA DE LOS CONSEJOS SOCIALES DE LAS UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS.

Jornadas de la Conferencia de los Consejos Sociales de las Universidades Españolas

Os días 25 e 26 de novembro tiveron lugar en Toledo las *Jornadas de la Conferencia de los Consejos Sociales de las Universidades Españolas*, coa asistencia da presidenta do Consello Social da USC, baixo o título "*La universidad española en el contexto europeo: financiación, gobierno y rendimiento universitario*" donde se debatiron os seguintes temas:

- *La financiación de los sistemas universitarios europeos: análisis comparado*
- *Las estructuras de gobierno en algunos sistemas universitarios europeos*
- *Elementos para la evaluación y comparación del rendimiento de las universidades y de los sistemas universitarios*

ASISTENCIA A OUTROS ACTOS

Entre as actividades cómpre subliñar as seguintes:

- Asistencia da presidenta ao acto de imposición da Insignia Fonseca a traballadores e traballadoras da USC
- Asistencia da presidenta ao acto da Festividade de Santo Tomé de Aquino que este ano tivo lugar na Facultade de Humanidades do Campus de Lugo. A Lección maxistral foi a cargo da catedrática dona M^a Isabel González Rey, e versou sobre o tema "*Nuevos estereotipos lingüísticos y redes sociales*".

OUTRAS AC

ACTIVIDADES

OUTRAS ACTIVIDADES



PROGRAMA DE PRÁCTICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES.

Descrición do Programa.

O Consello Social entre os seus cometidos ten a obriga de levar un labor de achegamento aos distintos estamentos da sociedade, dentro destes cabe destacar a promoción de convenios de colaboración con entidades tanto galegas como de ámbito nacional para a realización de prácticas profesionais nelas por parte do estudantado da nosa Universidade.

As prácticas non orixinan ningún vínculo laboral entre a empresa e o/a estudante, senón que ámbolos dous están suxeitos a un convenio de cooperación educativa. O estudantado contará cun/cunha titor/a designado/a pola entidade colaboradora e cun/cunha titor/a académico/a da universidade. O alumnado adxudicatario de prácticas deberá entregar no Consello Social un anexo ao convenio, onde se indicarán os parámetros da práctica (datas de inicio e fin, horario, proxecto formativo...), os cales serán acordados entre o alumnado e o/a titor/a da entidade e cos que deberá concordar en todo caso o titor académico. A duración de cada práctica será entre 125 e 750 horas por titulación, cun máximo de 40 horas semanais e a realizar no prazo máximo de 6 meses.

Entre os beneficios que as empresas ou institucións poden obter coa colaboración no programa de prácticas, podemos salienta os seguintes:

- ♦ A posibilidade de realizar estudos sobre temas específicos que consideren necesarios e interesantes.
- ♦ Constitúen un medio idóneo para dispoñer de persoas capacitadas e formadas.
- ♦ Supoñen un proceso óptimo de selección.
- ♦ As empresas amplían a súa esfera de relación, o que xera un mellor coñecemento das mesmas no seu medio, favorecendo novas posibilidades de actuación.
- ♦ Colaboran coa sociedade facilitando a formación práctica dos/das estudantes, o que contribúe a mellorar a capacitación dos futuros directivos e profesionais.

Características das Prácticas

O programa de prácticas está dirixido a todo o estudantado da Universidade de Santiago de Compostela, sempre que non teñan o número máximo de créditos de prácticas externas extracurriculares e non teñan realizado o depósito do título da titulación pola que as solicite.

As prácticas adxudícanse en virtude das titulación e localidades; no caso de concorrencia de varias solicitudes, pola nota media. Será obxecto de adxudicación preferente, por unha única vez, aquel alumnado que propicie a celebración dun novo convenio de cooperación educativa cunha determinada empresa ou entidade.

O estudantado está cuberto polo seguro escolar e para os/as estudantes maiores de vinte e oito anos formalizárase obrigatoriamente un seguro de accidentes; ao rematar o período de prácticas, expídesse:

- Certificado acreditativo: no que se fai constar que o/a alumno/a realizou prácticas nunha determinada empresa/institución, as tarefas desenvoltas, o período de prácticas e número total de horas realizado.
- Certificado de créditos: a equivalencia establécese en 1 ECTS por cada 25 horas de práctica. O período de prácticas terá unha duración mínima de 125 horas (5 ECTS) e máxima de 750 horas (30 ECTS).

Estas prácticas non forman parte do plan de estudos, pero figurarán no expediente académico e no suplemento europeo ao título.

Que deben facer as Empresas/Institucións que queiran colaborar co Programa de Prácticas

As entidades que desexen colaborar acollendo nas súas instalacións alumnado en prácticas deberán:

- Formalizar o convenio de colaboración. Este documento non ten carácter vinculante, polo que non suporá a adquisición de compromisos de carácter contractual ou laboral coa entidade colaboradora asinante. Tampouco obriga as empresas a participar nas convocatorias de prácticas, pero si as habilita para poder facelo.
- Remitir ao Consello Social a/s oferta/s para cada unha das convocatorias públicas nas que desexen participar.
- Designar a un/unha titor/a que se encargue da formación do/a estudante durante a súa estadia na entidade.

Unha vez rematadas as prácticas, a entidade colaboradora deberá enviar ao titor académico un informe final de realización da práctica no que consten: o nome do/a alumno/a, o nome da empresa/institución, as tarefas desenvoltas, o período das prácticas e o número de horas realizado.

Cando, como e por que o Consello Social inicia este programa

As Prácticas externas extracurriculares comezáronse a ofertar a través do Consello Social en setembro de 2016 por tres motivos fundamentais:

- 1 – Pola extinción dos antigos estudos de diplomatura e licenciatura sobre os que versaba o anterior programa de prácticas.
- 2 – Pola esixencia de adaptar este tipo de formación práctica aos novos estudos de grao e máster.

3 – Pola traxectoria e experiencia de anos que ten o Departamento de Prácticas do Consello Social na tramitación deste tipo de actividades, cómpre recordar que o antigo Programa Nacional de Prácticas iniciouse no ano 1995.

No ano 2016 nace pois este Programa de Prácticas Externas Extracurriculares, estreándose timidamente en convivencia aínda co anterior Programa Nacional de Prácticas, máis pouco a pouco vai calando nos novos estudos como unha ponte entre a vida académica e a laboral.

Obxectivo das prácticas extracurriculares

O obxectivo educativo destas prácticas é que o/a estudante aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento, por iso é fundamental a colaboración entre a Universidade e o tecido empresarial.

Vinculación do Consello Social coas Prácticas preprofesionais

O Consello Social entre os seus cometidos ten a obriga de levar a cabo un labor de achegamento aos distintos estamentos da sociedade, entre estes cabe destacar a súa función de vincular o mundo profesional co académico. No marco das prácticas se acada esa función de nexos propiciando a sinatura de convenios de cooperación educativa con entidades tanto públicas como privadas, nacionais ou internacionais, sempre e cando teñan sede dentro do territorio nacional.

É fundamental que o alumnado tome contacto coa realidade laboral durante a súa formación académica para poder por en valor os coñecementos teóricos adquiridos nas aulas e así acadar certa destreza práctica así como o coñecemento do engraxe laboral que lle axude á inserción laboral.

Ben é certo que durante a realización da actividade práctica non se permite ningún tipo de vínculo contractual entre o alumnado e a entidade, máis é certo que alo menos un 10% acadan un contrato laboral ao finalizar a actividade, como así quedou demostrado co anterior programa de prácticas.

Funcionamento do programa

Estas prácticas diríxese ao alumnado da USC que aínda non teña cualificado no seu expediente académico o Traballo de Fin de Grao ou Traballo de Fin de Máster dos estudos de grao ou máster polo que as soliciten.

Contémplanse dúas modalidades de prácticas:

A modalidade ordinaria – As prácticas ofértanse mediante convocatoria pública.

O Consello Social a principios de cada ano fai difusión do Programa de Prácticas entre empresas e entidades para dalo a coñecer. As entidades interesadas na colaboración, asinan o convenio de cooperación educativa para poder participar nas convocatorias públicas que teñen lugar nos meses de febreiro e setembro.

A modalidade preferente – Neste caso o alumnado é o que serve de nexo de unión entre a Universidade e o mundo empresarial xa que eles mesmos propician a sinatura do convenio de cooperación educativa coa empresa ou entidade da súa elección, dese xeito, terán preferencia por unha única vez á realización da actividade nesa empresa ou entidade.

Puntos en común das dúas modalidades:

- A actividade ten que estar relacionada coa titulación do/a alumno/a.
- A duración das prácticas que será: Mínima de 125 horas (5 ECTS) e máxima de 750 horas (30 ECTS) a realizar nun período máximo de 6 meses e cunha xornada máxima de 8 horas diarias e 40 semanais.
- O alumnado participante será supervisado durante a actividade por un titor externo (adxudicado pola entidade, cós coñecementos necesarios para desenvolver unha tutela efectiva) e por un titor académico (da titulación do/a alumno/a ou no seu defecto da mesma área de coñecemento do título que estea cursar).
- A sinatura do convenio de cooperación educativa entre a Universidade e as empresas ou entidades. Este documento non ten carácter vinculante, polo que non obriga a participar as empresas asinantes mais si as habilita para iso, en calquera caso a súa sinatura é preceptiva como marco xurídico no que enmarcar este tipo de actividade académica.

Vantaxes das prácticas extracurriculares fronte as antigas prácticas:

- 1) Son prácticas dirixidas aos graos e tamén aos másteres que se imparten na USC.
- 2) Teñen unha maior bolsa de horas que as anteriores prácticas pasando de ser entre 120 -500 horas do antigo programa a 125 -750 horas, polo que o alumnado que o desexe pode ter unha maior formación práctica.
- 3) Maior equivalencia en créditos, que pasa de ser de 30 horas de traballo 1 crédito de libre configuración a 25 horas de traballo 1 ECTS coas novas prácticas.
- 4) No novo programa, a diferenza do anterior, tense en conta a posibilidade de que as entidades que o desexen aporten unha axuda ao estudo. Tamén é novidoso o feito de que a entidade ou organismo que financie a contraprestación económica vai asumir a obriga de realizar as altas e baixas do alumnado en prácticas e, de ser o caso, a cotización que corresponda. Non fai falla apuntar que a axuda

ao estudo resulta sempre máis atractiva para o alumnado por pequena que sexa e máis aínda se o tempo en prácticas é válido para a cotización.

- 5) Maior calidade académica ao contar coa figura preceptiva do titor académico. A diferenza das anteriores prácticas que só contaban co titor externo da entidade colaboradora, nestas cóntase tamén cun profesor ou profesora da titulación con coñecementos afíns á práctica que se vai realizar. Este titor será o que á vista do informe do titor externo e da memoria do alumno, vai a avaliar as prácticas desenvolvidas.
- 6) A cualificación destas prácticas figurará no expediente académico do alumnado e como novidade tamén no Suplemento Europeo do Título.


Vantaxes para o alumnado á hora de facer estas prácticas:

- A toma de contacto co mundo laboral. A realidade laboral dista bastante da académica co cal pode ser unha boa oportunidade para o alumnado o inserirse nesta antes de rematar os seus estudos, esta experiencia lle pode abrir novos enfoques tanto na súa formación académica como á hora de perfilar a súa inquietude profesional.
- A flexibilidade á hora de decidir o calendario e horario de realización da actividade. O departamento non é quen fixa o horario nin o calendario da práctica, iso o acorda o alumno xunto co titor externo.
- A duración da actividade. En función do que o alumno queira, a práctica pode ser longa de ata un máximo de 750 horas para coñecer máis ao detalle un tipo concreto de formación práctica nunha empresa ou entidade, ou ben pode facer varias prácticas en distintas empresas e/ou en distintos sectores para ampliar o abano de coñecemento práctico que se abre aos estudantes dunha determinada titulación ou área de coñecemento.
- Recibir atención personalizada e formación práctica por parte de persoal cualificado da empresa ou entidade.
- Para o alumnado é unha boa oportunidade para darse a coñecer como potencial profesional cualificado, competente para adquirir certas habilidades e destrezas valoradas á hora de desempeñar certos postos así como tamén para amosar no mundo laboral a valía dos coñecementos académicos adquiridos.

Balance do Programa de Prácticas Externas Extracurriculares

EVOLUCIÓN PRÁCTICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES CONSELLO SOCIAL				
ANO	ALUMNOS INSCRITOS	OFERTAS	PRÁCTICAS	CRÉDITOS VALIDADOS
2016	42	148	25	121
2017	158	412	131	1.475
2018	196	514	157	1.405
2019	170	470	147	1.461
TOTAL	566	1.544	460	4.462

Ilustración 1 EVOLUCIÓN POR ANOS DO PROGRAMA DE PRÁCTICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES.



No ano 2019 houbo un aumento no número de créditos validados pero cunha lixeira diminución tanto de prácticas como de alumnos inscritos. O Consello Social ten o firme propósito de traballar para lograr que este tipo de prácticas sexan máis atractivas para os alumnos logrando así que en vindeiras convocatorias se logre aumentar o número de prácticas realizadas.

BOLSAS DE COLABORACIÓN ASIGNADAS POLO CONSELLO SOCIAL PARA O CURSO ACADÉMICO 2019-2020.

DEPARTAMENTOS/INSTITUTOS DE INVESTIGACIÓN/CENTROS SINGULARES DE INVESTIGACIÓN	TOTAL BOLSAS
Instituto Galego de Física de Altas Enerxías	2
Departamento de Enxeñería Química	2
Instituto de Ciencias Forenses "Luis Concheiro"	2
Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS)	2
Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)	2
Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola	2
Departamento de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	2
Departamento de Cirurxía e Especialidades Médico Cirúrxicas	2
Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS)	2
Departamento de Historia	2
Departamento de Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia, e Pediatría	2
Departamento de Ciencias da Comunicación	2
Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización	2
Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía	2
Departamento de Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñería	2
Departamento de Didácticas Aplicadas	2
Departamento de Bioloxía Funcional	2
Departamento de Pedagogía e Didáctica	2
Instituto da Lingua Galega	2
Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía	2
Instituto de Investigacións e Análise Alimentaria	2

DEPARTAMENTOS/INSTITUTOS DE INVESTIGACIÓN/CENTROS SINGULARES DE INVESTIGACIÓN	TOTAL BOLSAS
Departamento de Física de Partículas	2
Departamento de Xeografía	2
Departamento de Física Aplicada	2
Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa	2
Departamento de Química Orgánica	2
Departamento de Botánica	2
Departamento de Ciencias Morfolóxicas	2
Departamento de Patoloxía Animal	1
Departamento de Ciencia Política e Socioloxía	1
Departamento de Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física	1
Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía	1
Departamento de Filosofía e Antropoloxía	1
Departamento de Enxeñaría Agroforestal	1
Departamento de Matemática Aplicada	1
Departamento de Matemáticas	1
Departamento de Fundamentos da Análise Económica	1
Departamento de Economía Aplicada	1
Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá	1
Departamento de Historia da Arte	1
Departamento de Anatomía, Produción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias	1
Instituto de Investigacións Tecnolóxicas	1
Departamento de Dereito Común	1
Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación	1

DEPARTAMENTOS/INSTITUTOS DE INVESTIGACIÓN/CENTROS SINGULARES DE INVESTIGACIÓN	TOTAL BOLSAS
Departamento de Psicología Social, Básica e Metodoloxía	1
Departamento de Química Física	1
Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana	1
Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular	1
Departamento de Economía cuantitativa	1
Instituto de Ciencias da Educación	1
Departamento de Organización de Empresas e Comercialización	1
Instituto de Matemáticas	1
Departamento de Electrónica e Computación	1
Departamento de Economía Financeira e Contabilidade	1
Departamento de Fisioloxía	1
TOTAL	83

EXECUCIÓN D
D O C O N S E L

ORZAMENTO

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO CONSELLO SOCIAL

LO SOCIAL



Reunión Consello Social

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO CONSELLO SOCIAL

CRÉDITO DEFINITIVO.....	200.000,00
CAPITULO II.....	117.500,00
CAPITULO IV.....	57.500,00
CAPITULO VI.....	25.000,00

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 66.320,03

CAPÍTULO II.....	41.320,03
CAPÍTULO IV.....	0,00
CAPÍTULO VI.....	25.000,00

CRÉDITO DISPOÑIBLE 133.680,03

M A R C O N O

FORMATIVO

MARCO NORMATIVO

DO CONSELLO SOCIAL DA USC

Orde do 5 de agosto de 2014 pola que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela (DOG nº 159, do 22 de agosto de 2014).
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140822/AnuncioG0164-130814-0001_es.pdf

DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (DOG nº 29, do 12 de febreiro de 2014).
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140212/AnuncioG0164-040214-0001_es.pdf

Normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster da USC.
<http://www.usc.es/gl/normativa/estudiantes/index.html>

DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (DOG nº 125, do 3 de xullo de 2013).
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2013/20130703/AnuncioC3B0-270613-0001_es.pdf

Resolución do 10 de novembro de 2015 da Secretaría Xeral de Universidades, polo que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29 de outubro de 2015, polo que se aproba o Plan galego de financiación universitaria 2016-2020. (DOG nº 221, do 19 de novembro de 2015).
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20151119/AnuncioG0164-111115-0001_es.html

Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 234, do 9 de decembro de 2011).
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20111209/AnuncioC3F1-051211-9522_es.pdf

Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2012).
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20120329/AnuncioG0164-220312-13863_es.pdf

Decreto 103/2012, do 22 de marzo, polo que se regula o procedemento para a designación dos representantes de organizacións sindicais nos consellos sociais da universidades do Sistema Universitario de Galicia (DOG nº 64, do 2 de abril de 2012).
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20120402/AnuncioG0164-260312-13993_gl.pdf

NORMATIVA XERAL

Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (BOE nº 397, do 24 de decembro de 2001), modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE nº 89, do 13 de abril de 2007).

<http://www.boe.es/boe/dias/2001/12/24/pdfs/A49400-49425.pdf>

<http://www.boe.es/boe/dias/2007/04/13/pdfs/A16241-16260.pdf>

Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable (BOE nº 55, do 5 de marzo de 2011).

<http://www.boe.es/boe/dias/2011/03/05/pdfs/BOE-A-2011-4117.pdf>

Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (BOE nº 131, do 2 de xuño de 2011).

<http://www.boe.es/boe/dias/2011/06/02/pdfs/BOE-A-2011-9617.pdf>

Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario (BOE nº 318, do 31 de decembro de 2010)

<http://www.boe.es/boe/dias/2010/12/31/pdfs/BOE-A-2010-20147.pdf>

DE ENSEÑANZAS UNIVERSITARIAS OFICIAIS

Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (BOE nº 224, do 18 de setembro de 2003)

<http://www.boe.es/boe/dias/2003/09/18/pdfs/A34355-34356.pdf>

Real decreto 1044/2003, do 1 de agosto, polo que se establece o procedemento para a expedición polas universidades do Suplemento Europeo ó Título (BOE nº 218, do 11 de setembro de 2003).

<http://www.boe.es/boe/dias/2003/09/11/pdfs/A33848-33853.pdf>

Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE nº 260, do 30 de outubro de 2007)

<http://www.boe.es/boe/dias/2007/10/30/pdfs/A44037-44048.pdf>

Real decreto 1509/2008, do 12 de setembro, polo que se regula o Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (BOE nº 232, do 25 de setembro de 2008)

<http://www.boe.es/boe/dias/2008/09/25/pdfs/A38854-38857.pdf>

Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais (BOE nº 190, do 6 de agosto de 2010)

<http://www.boe.es/boe/dias/2010/08/06/pdfs/BOE-A-2010-12621.pdf>

Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE nº 161, do 3 de xullo de 2010)
<http://www.boe.es/boe/dias/2010/07/03/pdfs/BOE-A-2010-10542.pdf>

Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento (BOE nº 35, do 10 de febreiro de 2011).
<http://www.boe.es/boe/dias/2011/02/10/pdfs/BOE-A-2011-2541.pdf>



CONSELLO SOCIAL